

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA 9 DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día 9 de agosto de dous mil dezaseis, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretario accidental, Gerardo Sobrado Ventosinos Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de data 15-07-2016.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobada por unanimidade.

2.- Licenzas de obra

2.1-"Solicitud de licenza de Xunqueira S.C. "Proxecto de ampliación de nave de porcino de cebo y fosa de purín", en San Martín de Oleiros

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

"Refª 0160728.04

"Expediente de autorización das obras de construción dunha AMPLIACIÓN DE NAVE DE PORCINO DE CEBO Y FOSA DE PURÍN , no lugar de Xunqueira, parroquia de San Martín de Oleiros , Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola: Dñ. Isabel Arza Rio , colexiado nº 300 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove: Xunqueira S.C., con N.I.F.: J-27319664, coa finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Antecedentes:

Que o promotor: Xunqueira S.C., pretende mellorar a explotación gandeira, polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

As fincas sobre a cal se pretende intervenir están rexistradas na Dirección Xeral do Catastro, situada no polígono: 14, parcela: 458 segundo o cal posúe unha superficie total de 9.356 m², a parcela: 459 segundo o cal posúe unha superficie total de: 8.519 m², e a parcela: 1.748 segundo o cal posúe unha superficie total de: 2.433m².

Segundo as medidas realizadas polo autor do proxecto as fincas posúen unha superficie total: 20.308 m²

Construción dun AMPLIACIÓN DE NAVE DE PORCINO DE CEBO (32 x 12 m): 1.044 m²

Construción dunha FOSA DE PURÍN: 750m³

Ocupación máxima de parcela : 20%

Ocupación das edificacións existentes: 18%

E un presuposto de execución material de: 217.500,00€.

Linderos :

Norte : Camiño rural, Emilia Garcia, y Antonia Perez

Sur : German Arias Leirado

Este: Camiño rural asfaltado.

Oeste: Emilia Garcia y German Arias Leirado

2º CONDICIÓN DAS CONSTRUCCIONS:

A finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como **SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**, recollido na disposición transitoria 11ª da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002, nos artigos 32, 33 e 37. **Artigo 32º.-Categorías. Art. 33 Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos construtivos. Artículo 37º.-Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras.**

Artigo 32º.-Categorías.

No solo rústico distinguiranse as seguintes categorías:

2. Suelo rústico especialmente protegido, constituido por los terrenos que por sus valores agrícolas, ganaderos, forestales, ambientales, científicos, naturales, paisajísticos, culturales, sujetos a limitaciones o servidumbres para la protección del dominio público o de otra índole deban estar sometidos a algún régimen especial de protección incompatible con su transformación, de acuerdo con lo dispuesto en este apartado. Dentro de este tipo de suelo rústico especialmente protegido se distinguirán las siguientes categorías:

a) Suelo rústico de protección agropecuaria, constituido por los terrenos de alta productividad agrícola o ganadera, puesta de manifiesto por la existencia de explotaciones que la avalen o por las propias características o potencialidad de los terrenos o zonas donde se enclaven, así como por los terrenos objeto de concentración parcelaria a partir de la entrada en vigor de la [Ley 9/2002](#) y por los terrenos concentrados con resolución firme producida en los diez años anteriores a esta fecha, salvo que hayan de ser incluidos en la categoría de suelo rústico de protección forestal.

d) Solo rústico de protección das augas, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como canles naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga e como leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e as súas zonas de servidume.

Así mesmo, incluíranse nesta categoría as zonas de protección que para tal efecto delimiten os instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio, que se estenderán, como mínimo, á zona de policía definida pola lexislación de augas, agás que o plan xustifique suficientemente a redución. Igualmente, terán a dita consideración os terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano con risco de inundación, e aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

Malia o anterior, as correntes de auga de escasa entidade que discorran dentro do ámbito dun sector de solo urbanizable quedarán debidamente integradas no sistema de espazos libres públicos, con suxeición ao réxime de solo urbanizable.

Artigo 33º.-Usos e actividades en solo rústico.

Os usos e as actividades posibles en solo rústico serán os seguintes:

1. Actividades e usos non construtivos:

d) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.

2. Actividades e usos construtivos:

a) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.

b) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

h) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.

3. Outras actividades análogas que se determinen regulamentariamente e coordinadas entre a lexislación sectorial e esta lei.

Artigo 37º.-Solos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.

O réxime dos solos rústicos de protección agropecuaria e forestal ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sustentable. O réxime do solo rústico de protección de infraestruturas, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar as infraestruturas existentes ou de nova creación.

Estará sometido ao seguinte réxime:

1. Usos permitidos por licenza municipal directa:

Os relacionados na alínea 1, letras a), b) e c), e na alínea 2, letras a), b), c), d), f), i), e m), do artigo 33º desta lei. Ademais, no solo rústico de protección forestal permitirase o relacionado na alínea 1, letra e).

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

En solo rústico de protección agropecuaria serán autorizables os usos relacionados na alínea 1, letras d) e e), e na alínea 2, letras e), g) h), j), k) e l), do artigo 33º desta lei, así como os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non leven á transformación urbanística dos terreos nin lesionen os valores obxecto de protección.

3. Usos prohibidos: Todos os demais.

Artigo 42º.-Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

-A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20% da superficie do predio. No entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola **Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.**

-O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible excedelo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurará descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

-As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno; en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, a morfoloxía e o tamaño dos ocos e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.

-Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excede los nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán exceder unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma, agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia.

-As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregarase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da

edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

-Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

-A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.

-Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

-Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

-Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola autorización autonómica.

f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses, contados desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contado desde o outorgamento da licenza.

Artigo 38º.-Solos rústicos de protección das augas, das costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural.

O réxime xeral dos solos rústicos de protección das augas, das costas, de interese paisaxístico e do patrimonio cultural, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar o dominio público hidráulico e marítimo e o seu contorno, así como os espazos de interese paisaxístico e o patrimonio cultural, que quedarán suxeitos ao seguinte réxime:

1. Usos permitidos por licenza municipal

Os relacionados na alínea 1, letras a), b) e c), e na alínea 2, letras f) e i), do artigo 33º desta lei.

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

Os relacionados na alínea 2, letras e) e l), do artigo 33º desta lei, así como as actividades e construcións vinculadas directamente coa conservación, utilización, aproveitamento e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural, e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non leven á transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

Ademais dos usos anteriormente indicados, no solo rústico de protección de patrimonio poderá autorizarse a ampliación de cemiterios preexistentes, e nos de protección de costas e de protección das augas poderán autorizarse, así mesmo, as

construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de tratamento ou depuración de augas, estaleiros e instalacións imprescindibles necesarias para a implantación de aparcadoiros abertos ao uso público para o acceso ás praias, á práctica dos deportes náuticos e para a implantación de paseos marítimos ou fluviaís, así como os previstos na alínea 2, letra j), do artigo 33º desta lei, sempre que quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

3. Usos prohibidos: Todos os demais.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA DECIMOPRIMERA.-EXPLOTACIÓN E INSTALACIONES DE APOYO A LA ACTIVIDAD AGROPECUARIA Y ASERRADEROS EXISTENTES.

1. Las construcciones e instalaciones situadas en suelo rústico o en suelo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas con la explotación y con el apoyo a la actividad agropecuaria, de primera transformación de productos agroganaderos y forestales, así como los aserraderos de madera, existían en el momento de la entrada en vigor de la presente ley podrán mantener su actividad, aunque no estén amparadas en las preceptivas licencias municipales de edificación o de actividad, sin necesidad de las mismas.

En estas construcciones podrán permitirse, previa obtención de licencia urbanística municipal, las obras de reconstrucción, rehabilitación, conservación y reforma necesarias siempre que mantengan la actividad de explotación o apoyo a la actividad agropecuaria o de aserradero, adoptando las medidas correctoras oportunas para garantizar las condiciones sanitarias y ambientales.

Las construcciones e instalaciones situadas en suelo rústico o en suelo de núcleo rural citadas que existían a la entrada en vigor de la presente ley, para su regularización, deberán abonar en el ayuntamiento respectivo el impuesto municipal de construcciones, instalaciones y obras.

2. Asimismo, podrá permitirse, previa obtención de la licencia urbanística municipal, la ampliación de las construcciones destinadas a la explotación o apoyo a la actividad agropecuaria, incluso en volumen independiente, cumpliendo las condiciones de edificación **establecidas en el artículo 42º de la presente ley** y en el planeamiento urbanístico vigente, excepto en lo que refiere a las condiciones de parcela mínima edificable, retranqueos, ocupación y volumen máximos, distancias mínimas a viviendas y a asentamientos de población. En caso de las construcciones destinadas a aserraderos también se permitirá su ampliación siempre que cumplan las condiciones de edificación establecidas en el artículo 42º de la presente ley y en el planeamiento urbanístico, excepto en lo que se refiere a la superficie máxima ocupada por la edificación sin superar el límite del 60% de la superficie de la parcela.

En todo caso, deberá mantenerse el estado natural del terreno, o con plantación de arbolado o especies vegetales, como mínimo, en un tercio de la superficie de la parcela.

3. Este mismo régimen será de aplicación a las edificaciones, construcciones e instalaciones vinculadas a la explotación o apoyo de la actividad agropecuaria y aserraderos amparados en licencia urbanística otorgada antes de la entrada en vigor de la presente ley.

PROXECTO: CUMPRE

3. **PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LÁNCARA**, en su apartado:

Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, en su apartado:

CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓNS

ART. 12.2. ACTOS SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA

Sen prexuízo da lexislación sectorial aplicable canto á obtención de autorizacións e permisos para a realización de actividades e, en particular, os actos recollidos no artigo 194.2 da Lei 9/2002, estarán suxeitas á obtención previa de licenza urbanística as obras e instalacións de calquera clase, incluídos os seguintes actos:

1 - As obras de construción de edificacións e instalacións de nova planta de todas as clases.

2 - As obras de ampliación de edificios e instalacións existentes de todas as clases.

3 - As obras de modificación ou reforma que afecten ás estruturas dos edificios e instalacións existentes de todas as clases.

4 - As obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións existentes de todas as clases.

5 - As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.

11 - O uso do voo sobre as edificacións e instalacións existentes de todas as clases.

12 - A modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral.

18 - A construción ou modificación de valados ou cerramentos.

19 - O acondicionamento de espazos libres de parcela.

PROXECTO: CUMPRE

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

4 - En solo Rústico

Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificación ou instalación en solo rústico deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas:

a) Acceso rodado público adecuado á implantación.

b) Abastecemento de auga.

c) Evacuación e tratamento de augas residuais

d) Subministro de enerxía eléctrica

e) Recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos.

f) Se for o caso, previsión de aparcadoiros.

g) Corrección de repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

h) Cumprimento das demais condicións (uso, edificación, posición, etc.) que se especifican neste Plan Xeral.

PROXECTO: CUMPRE

TÍTULO X. NORMAS PARTICULARES DO SOLO RÚSTICO

CAPÍTULO 49. DETERMINACIÓNS XERAIS

A características da construción a realizar, neste tipo de solo, recollese no capítulo 51 do P.X.O.M. de Láncara, actualmente en vigor, SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (S.R.P.AG). No Art. 51.3 :

USOS E ACTUACIÓNS PERMITIDOS

1 - Serán permitidos ou autorizables os usos e actuacións indicados con código S.R.P.AG. na táboa do art. 49.4 e tras o trámite, municipal ou autonómico, correspondente.

Art. 49.4 USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS, do:

Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as **destinadas ao apoio das explotacións hortícolas**, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

Art. 51.5 *CONDICIONES PARTICULARES E ADICIONAIS* nos informa que serán de aplicación as dispostas para o solo rústico de protección ordinaria (S.R.P.O.) en su art. 50.3:

2- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías rurais tradicionais do contorno, definíndose para tal efecto as condicións volumétricas, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos e solucións de cuberta que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen quebras nas pendentes. Excepto en casos debidamente xustificados, o material de cobertura será a lousa.

As fachadas poderán ser de cantaría ou cachotaría sen revestir. Excepcionalmente, en caso de ter revestimentos, estes serán de morteiros pintados ou estucos de exteriores, prohibíndose calquera outro material de acabado.

3- CONDICIONES PARA USOS CONSTRUTIVOS NON RESIDENCIAIS.

	P.X.O.M.	PROXECTO	
Parcela mínima:	5.000 m ²	20.308 m ²	Cumpre
Ocupación máxima:	20%	18%	Cumpre
Recuamentos lindeiros:	5.00 m	>5m	Cumpre
Altura max:	7.00 m	3,50m e 4,60	Cumpre
Pendente max. Cuberta:	30°	30°	Cumpre

PROXECTO: CUMPRE

4. Unha parte da finca, sobre a cal se pretende informar, atopase e terreos clasificados como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCION DE AUGAS (S.R.P.A.)**, recollido polo PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL en vigor no Concello de Lán cara

CAPITULO 54. SOLO RÚSTICO DE PROTECCION DE AUGAS (S.R.P.A.)

Art. 54.2 CONDICIÓN XERAIS

A protección de leitos e ribeiras regúlase pola Lei de augas (Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo) e o RD. 849/1986 de 11 de abril modificado polo RD. 606/2003, do 23 de maio, polo que se establecen as zonas protección do Dominio Público Hidráulico e as autorizacións de obras e vertido, que establecen as proteccións das augas superficiais e das subterráneas renovables, tanto correntes naturais, continuas ou discontinuas, lagos ou lagoas, como de acuíferos subterráneos.

Art. 54.3 NORMAS DE PROTECCIÓN

Nos casos en que sexa preceptivo, darase estrito cumprimento ao establecido nos Decretos da Xunta de Galicia nº 442/90 e 327/91, e nos Reais Decretos 1302/86 e 1131/88, procurando evitar a localización de instalacións e edificios asociados a estes usos nas faixas de protección.

PROXECTO: CUMPRE

Os terreos onde se pretende realizar a construción, atópanse afectados pola zona de Protección de policía, rexistrado no **capítulo 68** do PLAN XERAL de ORDENACIÓN MUNICIPAL de LÁN CARA, actualmente en vigor.

Art. 68.7: PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO.

Segundo o disposto na Lei de augas (Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo) e R.D. 849/1986 de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, modificado parcialmente polo R. D.606/2003 do 23 de maio.

Integran o dominio público e hidráulico os seguintes bens: as augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con

independencia do tempo de renovación, os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas, os leitos dos lagos e lagoas e dos encoros superficiais en leitos públicos e os acuíferos subterráneos, para os efectos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.

*Se informa FAVORABLE, CONDICIONADO O INFORME DO ORGANISMO DA CONCA anexo al proxecto, debido a que a actuación prevista esta incluída nos 100 m da **zona de policía** da Ley de Aguas, a licenza estará condicionada polo informe previo do organismo competente (Confederación Hidrográfica Miño-Sil), e do cumprimento das condicións que estableza o art. 68.7 Protección do Dominio Hidráulico do actual Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Láncara.*

ESTE INFORME FAVORABLE ESTARÁ CONDICIONADO AO CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS CORRECTORAS CONTIDAS NO EXPEDIENTE DA DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL ANEXA O PROXECTO.

Así mesmo na documentación a presentar deberá reflexar, que as obras a realizar non suporán ningún impacto sobre o entorno.

*E polo que se informa **FAVORABLE** lembrándolle as obrigas devanditas”.*

Vista a resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se outorga a autorización ambiental integrada condicionada ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, así como as expostas a maiores na resolución.

Logo de ler a condición xeral n.º 6ª da autorización outorgada con data 19 de decembro de 2014 pola Confederación Hidrográfica Miño Sil **expte A/27/24495, na que supedita a efectividade da autorización concedida á obtención doutros permisos necesarios en materia urbanística e medioambiental, debe entenderse vixente a dita autorización toda vez que a licenza urbanística municipal e ditame de incidencia ambiental son son posteriores**

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder a Xunqueira SC, licenza municipal de obras para ampliación de nave de porcino de cebo y fosa de purín”, en San Martín de Oleiros, segundo o proxecto redactado pola Enxeñeiro Técnico Agrícola Dona Isabel Arza Río, colexiada nº 300 polo COITA de Lugo coa estrita observancia dos condicionados establecidos no informe técnico municipal emitido en data 28 de xullo de 2016 e das condicións da resolución do 21-12-2015, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

Segundo.- A licenza concédese agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Terceiro.- As obras deberán comezar no prazo de seis meses, e rematarán no de tres anos, contados a partir da data da notificación

do outorgamento da licenza, podendo concederse unha prórroga se as circunstancias o xustifican, que deberá solicitarse antes da finalización do prazo sinalado anteriormente.

O prazo fixado para o inicio ou finalización da obra poderá prorrogarse por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa do interesado formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sea conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Unha vez finalizada a obra, deberá de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia presentar comunicación previa para o inicio da actividade así como a certificación final de obra, co fin de realizar a oportuna visita de comprobación para verificar que a realización das obras se axuntaron á licenza concedida e ao proxecto presentado polo interesado; xustificante de solicitude de alta no Imposto de Bens Inmóbeis de natureza urbana e fotografías das fachadas do edificio.

Quinto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 6.742,50 euros, cota bonificada 35%, 4.382,62 euros.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación de que a tenor do establecido no art. 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pon fin á vía administrativa, poderá presentar a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo de un mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen perxuízo disto, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo á Confederación Hidrográfica Miño Sil, os efectos previstos na cláusula 6ª da autorización **expte A/27/24495, respecto da eficacia da citada autorización.**

2.2.-Solicitud de don José Ramón Arcos López en representación de Ganadería Arcos SC, para "ampliación de establo de vacuno" en Toubille-Láncara.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal no expediente de autorización das obras de construción dunha **AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACUNO**, no lugar de: Toubille , Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: D. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIERRA, colexiado nº 539 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove:GANADERÍA ARCOS SC, con C.I.F.:J27466754, coa finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.

A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro no polígono: 008, parcelas:669, do Concello de Láncara, , segundo o cal posúe unha superficie total de: 8.204,00 m².

Construción dunha **AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACUNO** cunha superficie total: 412,55 m².

E un presuposto de execución material de: 64.522,78 €.

A explotación actual conta con 40 vacas, 35 novillas de mais de 6 meses e 0 novillas de menos de 6 meses, en total 61 UGM.

No proxecto a tratar ampliase o establo pra 23 vacas, en total 23 UGM.

Non supera o 50%, de aumento de capacidade da explotación, polo que non é preciso avaliación Ambiental.

Lindeiros:

Norte: Camiño rural sen asfaltar

Sur: Camiño rural sen asfaltar e parcela 668 do polígono 8

Este: Parcela 670 do polígono 8

Oeste: Camiño rural sen asfaltar

Que a finca sobre a cal se pretende intervir atópase e terreos clasificados como **SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**,

Visto o disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar á Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural o informe sectorial que indique a categoría de solo rústico da parcela do catastro de rústica deste Concello antes citadas ós efectos previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febrero, do solo de Galicia, en relación ás obras promovidas por don José Ramón Arcos López, en

representación de Ganadería Arcos SC, para "Ampliación de establo de vacuno" en Toubille-Láncara.

3.- Proposta de solicitude de prórroga para a xustificación dos investimentos do Plan Marco de Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

Visto o escrito do Subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural relativo a solicitude de prórroga para xustificación investimentos Plan Marco Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

Visto que para solicitar a prórroga é necesario informe técnico asinado polo director de obra relativo as unidades de obra executadas.

Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Deixar o asunto sobre a mesa e solicitar ó técnico director das obras D. Marcos Vázquez Marey informe relativo as unidades de obras executadas.

4.-Adhesión aos convenios de colaboración tipo entre a Excma Deputación Provincial de Lugo o Concello de Láncara:

4.1.-Para o financiamento de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética en instalacións públicas para o ano 2016.

Visto a comunicación da Deputación Provincial de Lugo de proposta de adhesión deste Concello ao Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo, para o financiamento de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética en instalacións públicas para o ano 2016.

Na dita comunicación fíxase unha cantidade máxima para este Concello que se cifra en 22.574,63 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.-Autorizar a adhesión ó Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Láncara, para, o financiamento de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética en instalacións públicas para o ano 2016, promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.-Dar traslado deste acordo de solicitude de adhesión á Deputación provincial de Lugo.

